

Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 15 de xuño de 2026 recibíuse solicitude de inscrición da modificación dos estatutos, formulada por JOSE MARIA SUAREZ QUINTANILLA en nome e representación da ASOCIACIÓN UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **2003/6452-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude de inscrición presenta certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral en data 20 de maio de 2026, así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da Asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente a Comunidade Autónoma de Galicia e o novo domicilio en: RUA LOPE GÓMEZ DE MARZOA - EDIFICIO FEUGA, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os estatutos modificados da ASOCIACIÓN UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito único desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do



cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas Vº e praxe:

David Castro Sanmartin

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico

Ana Díaz Teijeiro

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

